



PDI Dinosaurus

Proyecto Documental integrado coordinado pola B.E.

Leoteca en Rus

CEIP Canosa-Rus (Coristanco)

Curso 2015/2016

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTO.....	6
3. DESCRICIÓN.....	7
4. DOCUMENTACIÓN.....	8
5. TAREFAS.....	9
6. RECURSOS.....	10
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	10
8. DIFUSIÓN.....	11
9. AVALIACIÓN.....	11
10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA.....	13

1. INTRODUCCIÓN

1.1. *Xustificación*

Coa finalización do anterior Proxecto Documental Integrado (“Rus entre planetas”) realizamos a avaliación do proceso, unha das conclusións e propostas de mellora para os seguintes proxectos foi que o alumnado tivese maior protagonismo na elección do tema. Por este motivo durante o mes de xuño, tras unha escolla por parte do equipo de biblioteca de [tres temas](#) dos propostos polo claustro, os nenos/as votaron tras ver uns vídeos presentando cada un destas temáticas (pintura, dinosauros e banda deseñada). O tema dos dinosauros foi o que máis interese despertou, polo que comezamos a preparar o desenvolvemento do PDI DinosauRus.

Ante amplitude do tema quixemos que o alumnado fose consciente do período no que viviron estes seres, a variedade de especies, o entorno no que se desenvolveron, as causas que provocaron a súa desaparición, quen e como se estudaron estes aspectos.

Tratamos de que toda esta aprendizaxe estivese, ademais de coas competencias básicas, relacionada co desenvolvemento do currículo en cada un dos cursos, polo que estruturamos e xustificamos as distintas tarefas e actividades cos elementos do currículo, propoñendo algún criterio ou contido a traballar.

Quixemos que o alumnado aprendese a utilizar as estratexias e mecanismos de tratamento e procura da información, que tivese acceso a diferentes fontes, ademais de fomentar o pensamento crítico ante todos os datos aos que foron tendo acceso. Neste tema en particular foi un pouco complicado discernir entre aquelas informacións que poderíamos dar por válidas das que non, xa que se tratan de estudos que en moitos casos non están contrastados ou que recentemente veñen de ser mudados trala aparición de novos achados. En moitos casos hai varias hipóteses que nalgúns casos complementáanse e noutros contradínse, polo que o alumnado tivo que esforzarse en contrastar e seleccionar aquelas que tivesen respaldo científico.

1.2. *Temporalización (calendario de realización)*

O proxecto podemos considerar que comezou no mes de xuño de 2015 coa elección do tema por parte do alumnado e o inicio da preparación do proxecto por parte do equipo de biblioteca. Durante o mes de setembro posta en común e estruturouse o desenvolvemento do curso. Ao comezo do mes de outubro realizáronse as primeiras [actividades de motivación](#) para que alumnado e profesorado fose consciente do inicio do proxecto. A continuación a investigación sobre os diferentes aspectos que centraban o interese do alumnado e sobre aqueles outros que se propuxeron desde o equipo de biblioteca. Despois de analizar a información recollida, segundo o interese de cada aula, procedeuse á comunicación en diferentes formatos deste estudo e a

compartilo con toda a comunidade educativa, que neste caso foi a realización dun [museo de dinosauros](#) no colexio. O desenvolvemento do proxecto está incluído na PXA do centro.

1.3. Participantes

Todo o claustro (un total de 16 mestres/as con destino no centro e unha mestra itinerante) participou no desenvolvemento do proxecto, traballando os mestres/as titulares nas actividades de aula; os mestres/as especialistas desde as súas áreas ou clases tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto (Educación artística, Educación física, Lingua estranxeira, P.T., A.L. e orientación). Estiveron coordinados polo Equipo de Biblioteca e tamén colaboraron activamente o EDLG, Equipo de Dinamización das TIC e EACE.

Todo o alumnado (56 de Educación Infantil e 109 de Educación Primaria) foi consciente e participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

1.4. Organización



O **Equipo de Biblioteca** coordinou todo o traballo de investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo a adhesión de todo o **claustro** participando desde todas as áreas e todos os equipos. O proxecto apróbase e inclúese na P.X.A.

O s **Equipos de Dinamización da Lingua Galega, Actividades Complementarias e Extraescolares e Dinamización das TIC** achegan a súa colaboración nos procesos de investigación e desenvolvemento das actividades. Desde as áreas de **Lingua estranxeira, Educación artística e Educación Física** participase elaborando actividades que terán lugar ao longo do proxecto.

A s **familias** son convidadas a participar apoiando o proceso de investigación na casa, participando en diversas actividades e achegando material ao centro. Desde as **titorías** elabóranse

diferentes produtos que se realizan ao longo do desenvolvemento do PDI DinosauRus.

1.5. *Relación co currículo*

Competencias básicas:

Competencia lingüística: para fomentar e mellorar esta competencia a través da elaboración tanto composicións escritas como orais, respectando as normas formais. Fomentamos o traballo tanto da comprensión oral como escrita. Intentamos que o alumnado aprendese a seleccionar a información importante, realizar resumos, esquemas e mapas conceptuais. Ampliaron o vocabulario referido ao tema e traballáronse tanto normas ortográficas como a gramática.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: o alumnado familiarizouse cos conceptos e procesos científicos, cálculo de tamaños das diferentes especies, distancias que percorrían os dinosauros, tamaño do meteorito que puideron causar a extinción, entre outras. Resolución de problemas e estratexias que poidan utilizar. Traballo coas formas xeométricas e a numeración.

Competencia dixital: fomentouse a utilización das TIC durante a procura de información para o proxecto, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, que axudase ao alumnado a seleccionar fontes de procura fiables, para despois incorporala información aos seus traballos. Concienciouse na utilización das TIC de xeito seguro e ensinouuse o uso dalgunha aplicación para desenvolver algún dos produtos do proxecto.

Aprender a aprender: tratamos que o alumnado tivera un espírito crítico, que tivera ansia por aprender e ampliar os seus coñecementos. Utilizamos diferentes estratexias e recursos que permitiron aos alumnos/as a planificar a súa aprendizaxe. Na procura da información necesaria para o proxecto aprenderon a realizar esquemas, mapas conceptuais, entre outras, tamén o alumnado foi consciente de como se programa unha investigación.

Competencias sociais e cívicas: a interdependencia dentro do proxecto, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentou o respecto polo traballo dos demais e a colaboración/cooperación no traballo conxunto. Ao mesmo tempo observamos e coñecemos os comportamentos que tiñan os dinosauros entre eles, investigouse se vivían en sociedade ou non, entre outros aspectos.

Conciencia e expresións culturais: algunhas das actividades consistiron na elaboración de pequenas exposicións dos traballos realizados e do material achegado polas familias. Para que tivesen conciencia de como se organizan, visitáronse distintos museos de forma presencial e de xeito virtual, ademais de salas de exposicións. Representáronse obras teatrais coas que tratamos


de incentivar a lectura e o gusto polas dramatizacións. Elaboráronse diferentes obras plásticas que serviron como reforzo do interese pola utilización de diferentes técnicas artísticas e pola cultura.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: o alumnado de 6º e 5º de E.P. elaborou produtos relacionados cos dinosauros e o seu mundo, que logo formaron parte dunha feira que eles/as xestionaron coa axuda do titor, na xornada final de inauguración do museo. Tamén na organización das exposicións e visitas externas que puidesen recibir os produtos elaborados no proxecto. O alumnado de 6º E.P. organizou a venda de galletas “roscasaurus” elaboradas por eles/as.

Obxectivos:

1. Coñecer a era na que existiron os dinosauros, algúns dos tipos e as características xerais destes.
2. Coñecer algunha das hipóteses da extinción dos dinosauros.
3. Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.
4. Valorar o traballo en equipo.
5. Seleccionar a información desde un punto de vista crítico.
6. Preparar as exposicións orais e escritas con sentido.
7. Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, monografías, storyboard, representacións, entre outros.
8. Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.

2. OBXECTO



O PDI Dinosaurus estivo adicado ao período de tempo no que viviron os dinosauros, a través deste estudo coñecemos diferentes especies, diferenciamos os herbívoros e os carnívoros, aprendemos como evolucionou a Terra ao longo do tempo, soubemos cales eran as profesións que se encargaban do seu estudo, investigamos cales foron as causas que motivaron a extinción, relacionamos a temática con distintos movementos culturais e artísticos, tamén a través do inglés aprendemos vocabulario e nomes de distintos paleontólogos.

O equipo de Biblioteca deseñou, programou e planificou as diferentes actividades que se desenvolveron desde o mes de setembro ata o mes de xuño. Os demais equipos (EDLG, EACE, TIC, Orientación), claustro, alumnado, familias e resto da comunidade educativa foi informada das diferentes fases, das actividades a desenvolver (xustificación, relación co currículo, temporalización,...) a través de reunións periódicas.

3. DESCRICIÓN

O traballo durante o curso estruturouse en diferentes fases:

A. Presentación do proxecto á comunidade educativa.

No mes de setembro elaboramos a programación definitiva do proxecto, presentámolo á comunidade educativa a través de notas informativas e da publicación no blogue da biblioteca, no mes de outubro comezamos coas actividades de motivación coas que queriamos facer consciente ao alumnado do comezo do proceso de investigación.

B. Desenvolvemento do proxecto:

B.1. *Formulamos a pregunta: Que pasou cos dinosauros?*

A partir desta pregunta o alumnado explicou o que sabían destes seres e o que desexaban aprender ao longo do curso.

B.2. *Preparación da investigación.*

Desde o equipo de biblioteca preparouse un ovo conxelado cun dinosauro dentro, acompañado dunha carta de Leoteca explicando o desenvolvemento do proxecto, tamén preparáronse obradoiros nos que tomaban contacto co tema.

Organizáronse visitas á Biblioteca Municipal de Carballo “A Balsa” na que os cursos de Educación Infantil presenciaron unhas actividades preparadas para eles/as e coñeceron algúns dos fondos relacionados cos dinosauros nesta biblioteca.

O equipo de dinamización das TIC xunto co de biblioteca prepararon a exposición permanente de libros, adaptada aos diferentes cursos, e creouse un cartel interactivo no que se recollían distintos recursos relacionados coa temática.

O produto final do museo era a construción dun **museo de dinosauros** no centro, polo que

o equipo de biblioteca realizou para todos os cursos de educación primaria unha charla na que se explicaban as diferentes partes dos museos e as características destes, tamén aproveitouse para realizar un percorrido virtual ao [Museo de Historia Natural de Londres](#).

B.3. Recollida de datos máis relevantes para o alumnado relacionados cos dinosauros.

Ao longo deste período as aulas foron investigando os diferentes aspectos que se propoñían desde o equipo de biblioteca, deste xeito programáronse actividades de xeito común a todo o centro cos aspectos que consideramos esenciais no desenvolvemento do proxecto, como foron [diario dun ovo](#), elaboración e explicación das [exposicións](#) creadas co material achegado desde as casas, a [extinción](#) (teorías creativas) e coa visita dos representantes da Asociación Paleontolóxica Galega achegamos ao alumnado á profesión de [paleontólogo/a](#).

Na [páxina web do proxecto](#) hai unha descrición máis detallada das diferentes actividades desenvolvidas nesta fase.

B.4. Análise e interpretación da investigación previa

Co obxectivo de dotar de contido ao museo, ademais dos diferentes produtos elaborados ao longo do curso cada clase centrouse no análise e interpretación daqueles aspectos que máis lles interesaron, deste xeito algunhas centráronse en diferentes especies de dinosauros (Educación Infantil e 1º – 2º Educación Primaria), a evolución da Terra (3º E.P.), a paleontoloxía (4º E.P.), especies e vexetación (5º E.P.) e teorías da extinción (6º E.P.).

B.5. Preparación e difusión dos resultados.

Cada clase estruturou a súa aula e corredor con diferentes materiais que lles axudasen durante a explicación de todo o aprendido, para isto utilizaron monográficos, mapas, debuxos, liñas do tempo, carteis, esquemas, entre outros.

B.6. Produto final. Museo Dinosaurus: exposición “Unha viaxe ao pasado”.

O 3 de xuño inaugúrase o museo coa visita das familias, previamente o alumnado de 6º E.P. do CPI Alcalde Xosé Pichel puido realizar o percorrido. Durante estes eventos o alumnado foi o protagonista, sendo os nenos/as de 5º e 6º E.P. os guías dos 5 grupos nos que se organizou a xornada, e o resto de alumnado encargouse de comunicar as súas respectivas seccións.

C. Avaliación do proxecto.

Realízase a [avaliación](#) do PDI Dinosaurus, seguindo os indicadores descritos.

4. DOCUMENTACIÓN

Durante o desenvolvemento de Dinosaurus elaborouse diverso material dirixido a encamiñar as tarefas e a facilitar o labor de profesorado e alumnado.

4.1. Profesorado

- Para os mestres/as elaborouse documento mínimo coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso, estruturadas por trimestre.
- No comezo da fase de investigación achegouse un listado de recursos na biblioteca e un [cartel dixital](#) cos que comezar as tarefas iniciais de DinosauRus.
- Diversas notas informativas para informar ás familias e ao alumnado das fases e actividades.
- Infografía de procura documental e internet.
- Presentación sobre os museos e visita virtual ao Museo de Historia Natural de Londres.
- Patróns e exemplos de posibles disfraces a elaborar no Entroido.
- Esquema textual: [convite](#).
- Fichas de procura de información sobre a extinción.
- Rúbricas e cuestionarios de avaliación.
- Ficha de procura de información sobre réptiles, anfibios e aves.

4.2. Alumnado

- Diversas notas e carteis anunciando diversas actividades.
- Infografía de procura documental e internet.
- Actividades LIM sobre os dinosauros.
- Calendario das actividades a desenvolver.
- Cartel dixital e exposición permanente na biblioteca de recursos relacionados cos dinosauros.
- Documento recompilerio sobre as teorías da extinción.
- Documento recompilerio dos dinosauros creativos.
- Sección no blogue “Leoteca en Rus” e web do proxecto DinosauRus.

5. TAREFAS

O alumnado durante o proxecto realizou:

- Procura e selección de recursos e información nas diferentes fontes facilitadas polo profesorado.
- Debates sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- Elaboración de diferentes tipos de textos: descritivo, informativo, expositivo, literario, instrutivo, narrativo, de uso social.
- Lectura de diferentes tipos de textos, así como a extracción da información relevante.

- Elaboración e representación de obras teatrais e contos.
- Resolución en equipo das actividades planeadas: achegando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais.
- Utilización de diversas ferramentas TIC para presentar os produtos elaborados.
- Utilización das matemáticas para calcular distancias, tamaños, diámetros, utilizar unidades de medida axeitadas e descubrimento de figuras xeométricas.
- Manexo de diferentes técnicas artísticas.
- Organización do seu traballo e presentación tanto escrita como oral ante outras persoas.

6. RECURSOS

Na biblioteca organizáronse dúas exposicións permanentes nas que o alumnado podía utilizar obras de consulta e ficción para investigar e obter información.

Presentouse un cartel dixital con recursos na internet no que afondar e realizar actividades en liña.

Elaboración de dous libros LIM para Educación Infantil e Primaria para xogar co aprendido durante o curso sobre os dinosauros.

Solicitouse ás familias material relacionado co proxecto e que tamén utilizamos para comprender mellor distintos aspectos, posteriormente estes recursos foron explicados ás demais aulas, dotándolles de sentido.

Nos ordenadores da biblioteca e da aula TIC seleccionáronse recursos e tamén se utilizaron para realizar procuras.

Notas de comunicación das actividades tanto ás familias como ao resto da comunidade educativa.

Elaboración dunha guía na que se explicaba todo o percorrido do museo e que entregou a aquelas persoas que se achegaron á inauguración.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O alumnado fixo diferentes carteis e convites anunciando as diferentes actividades que se desenvolveron durante o curso e que foron expostas no Centro.

As familias achegaron materiais relacionados co tema (libros, vídeos, obxectos, fotografías, entre outros), que formaron parte da fase de investigación. Participaron nos eventos que se realizaron, como foi o Festival de Nadal, acudindo como espectadores/as; o Entroido, no que colaboraron na elaboración dos traxes, organizando unha merenda o día da celebración e acudindo como espectadores/as ás representacións de acrosport. A inauguración da exposición “Unha viaxe

ao pasado” no museo foi o punto final no que a comunidade educativa coñeceu todo o aprendido e os produtos elaborados ao longo do curso. Favoreceron a transmisión da tradición oral, a través dos cuestionarios elaborados polo EDLG sobre os réptiles, anfibios e aves da comarca.

8. DIFUSIÓN

Todo o proxecto está recollido na web:

- [DinosauRus](#)

No blogue da biblioteca aparecen diversas actividades que se foron realizando:

- [LEOTECA EN RUS](#)

Na paxina web do Centro tamén existe un apartado no que se recollen novas sobre o proxecto:

- [CEIP CANOSA-RUS](#)

No canal Youtube hai unha lista de reprodución que recolle os vídeos publicados sobre o proxecto:

- [Canal Youtube](#)

Diversas notas, convites e carteis que se elaboraron para informar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes fases nas que se atopaba DinosauRus.

Notas de prensa e convites para asistir aos eventos realizados no CEIP Canosa-Rus.

Diversas exposición dos traballos realizados polo alumnado.

9. AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación do PDI Rus entre planetas utilizamos:

9.1. Autoavaliación

O alumnado de Educación Primaria avaliou a si mesmo a través dunha [rúbrica](#) elaborada polo Equipo de Biblioteca. Realizouse ao finalizar o proxecto e avaliaba diferentes aspectos relacionados cos indicadores de logro dos obxectivos.

Avaliou periodicamente na aula co seu titor/a o grao de consecución dos obxectivos que se pretendían acadar, a través dos debates e asembleas que se desenvolveron no centro.

9.2. Heteroavaliación

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través dun [cuestionario](#) elaborado polo equipo de biblioteca. Este cuestionario está publicado na web do proxecto, aínda que tamén se pasou en formato papel para facilitar a entrega, xa que na nosa zona non todas as familias teñen acceso a internet na casa. O profesorado avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos, en función da Etapa e da aula dos nenos/as. Ademais avaliaron seguindo

a [rúbrica](#) de autoavaliación do alumnado.

9.3. *Coavaliación*

O profesorado, nas diferentes reunións mantidas, foi facendo un seguimento do proxecto e realizando as modificacións pertinentes, ademais ao final do proxecto completou a rúbrica de avaliación do funcionamento.

En referencia aos indicadores propostos polo Equipo para a avaliación do proxecto, este foi o grao de consecución deles:

a1. *Coñece os tres períodos nos que viviron os dinosauros.*

A maioría do alumnado coñece os períodos nos que viviron os dinosauros.

a2. *Ordena cronoloxicamente os períodos nos que viviron os dinosauros.*

A metade do alumnado pode ordenar cronoloxicamente os períodos nos que viviron os dinosauros.

a3. *Nomea algunha característica de dinosauros.*

A maioría do alumnado coñece polo menos unha característica dalgún dinosauro

b1. *Coñece máis dunha teoría sobre a extinción dos dinosauros.*

A maioría do alumnado coñece máis dunha teoría da extinción dos dinosauros e máis da metade elaborou a súa propia hipótese do que ocorreu.

b2. *Elabora a súa propia teoría logo de realizar a investigación.*

Máis do 60% do alumnado elaborou a súa propia hipótese do que ocorreu.

c1. *Debate en grupo respectando as quendas de palabra.*

Nos debates realizados nas aulas a maioría do alumnado compórtase de xeito correcto.

c2. *Achega consellos construtivos aos traballos dos demais.*

Nos debates realizados nas aulas a maioría do alumnado ten actitudes construtivas nos debates e toma de decisións.

d1. *Os traballos en grupo teñen calidade.*

Os produtos expostos nas distintas exposicións ofrecen información veraz e son atractivos esteticamente.

e1. *As fontes de información seleccionadas son fiables.*

A maioría dos grupos utiliza fontes fiables para realizar os seus traballos, utilizando os recursos que ofrece a biblioteca e os recursos web que son facilitados a través do cartel dixital.

e2. *O traballo documental contén información veraz.*

Os documentos entregados polo alumnado utilizan fontes fiables, contrastando información contraditoria. Aínda que nesta temática hai datos que aínda non están comprobados e

existen diversas teorías contrapostas, decidimos que o alumnado tomase un papel activo e decidise, cos datos que obtiñan, cal consideraban como a máis probable.

e3. Os produtos elaborados citan as fontes, polo menos autor/a e obra, que se utilizaron.

Neste aspecto temos que seguir traballando, pese a que se observa unha maior rigorosidade na mención das fontes, xa que aínda hai traballos que carecen desta información.

f1. Exponse o traballo ante outras persoas.

Durante o curso realizáronse diferentes exposicións orais ante outros cursos e familias nas que participou todo o alumnado, excepto unha nena con mutismo selectivo.

f2. O alumnado coñece o percorrido e organización do museo, e é capaz de guiar a outras persoas.

O alumnado de 5º e 6º desempeñou o labor de guía na inauguración do museo de forma autónoma (que previamente prepararan). O resto do alumnado visitou e coñeceu o traballo das outras aulas previamente.

g1. Recóllese todo o traballo documental nun espazo web.

Creouse unha web na que se recolle todo o proxecto.

h1. O alumnado coñece a organización da biblioteca.

Máis dun 75% do alumnado sabe como están organizados os fondos na biblioteca e saben atopar un libro cando o buscan. De todos o xeitos debemos esforzarnos en que esta cifra creza ata polo menos o 90% do alumnado.

h2. Alumnado e profesorado realiza procura de información na biblioteca.

Mediante diferentes actividades procuramos que a comunidade educativa utilizase os fondos da biblioteca para desenvolver os traballos propostos, satisfacendo a necesidade de información.

h3. O alumnado aprende a utilizar aplicacións e ferramentas TIC.

O alumnado de 5º de E.P. utilizou o ipad para traballar con RA (Aurasma), gravaron podcast, os diferentes cursos de E.I. utilizaron xogos LIM e a EDI das súas aulas. O resto de cursos de Educación Primaria visitou a biblioteca para procurar información en internet.

10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A Biblioteca é o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto, realizando entre outras tarefas:

Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou programar reunións periódicas co resto do claustro, de carácter informativo e para facer un seguimento do proceso, ademais de distribuír documentos que ían informando sobre os diferentes momentos de DinosauRus. Destas reunións saíron propostas que flexibilizaron algunhas tarefas, engadíronse e

elimináronse outras, procurando que fose un proceso dinámico, flexible e que se adaptase ás necesidades das aulas.

Realizou o labor de procura, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que a primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro. Tamén atendeu ás demandas que se fixeron desde os outros equipos e titorías en canto a adquisición de diferente tipo de material que axudara á realización das distintas tarefas.

Organiza a biblioteca de xeito que permite o acceso aos recursos con rapidez, proporcionando diferentes recursos escritos e audiovisuais para completar as actividades propostas.

Elabora diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de dinamización das TIC e o EDLG, como foron concursos e certames literarios, entre outros.

Colabora na difusión do proxecto elaborando notas informativas e colaborando na organización das exposicións dos traballos do alumnado.

Todo o PDI DINOSAURUS está recollido no espazo web, onde se poderá acceder a vídeos, imaxes e documentos que forman parte do desenvolvemento do proxecto:

<https://sites.google.com/a/ceipcanosarus.net/dinosaurus/home>